

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) producirá 12 novos proxectos ao abeiro da convocatoria para a selección de contidos dixitais en galego, recentemente resolta pola Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos. A iniciativa, que conta cun investimento total de 339.000 euros, impulsará propostas de índole divulgativa, infantil, de entretemento e de ficción, todas elas concibidas especificamente para a contorna dixital e caracterizadas pola súa variedade temática e creativa.

A continuación detállanse os proxectos seleccionados:

Categoría: Entretemento

Orzamento máximo: ata 26.000 € por proxecto

Amor con interese de Cristela Torres Nine. Un *dating show* que xoga cos límites entre realidade e intelixencia artificial. Cada solteiro/a terá dúas citas: unha con alguén real e outra cun actor que interpreta ás directrices dunha IA. O reto: recoñecer quen é auténtico. Un formato innovador que explora, con humor, as relacións no mundo dixital.

O mellor tractor do mundo T2 de A revolta producións. Concurso no que tractoristas galegos compiten en probas de habilidade e destreza. O público decide quen avanza a través das votacións ata chegar á gran final. Un formato que fusiona tradición, espectáculo e participación cidadá.

Se non o vexo, non o creo de Jaime Pardo Valdés. Serie de microespazos sobre historias tan insólitas que parecen inventadas... pero son reais. Cun ton humorístico e retranqueiro, o presentador percorre lugares e protagonistas para comprobar se cada caso “se sostén”. Unha proposta pensada para consumo dixital, áxil e visual.

Categoría: Divulgación

Orzamento máximo: ata 26.000 € por proxecto

Club de Lectura de Chiripa Producións, S.L.U. Formato de fomento da lectura dirixido á mocidade. Nun club de lectura singular analízanse os libros obrigatorios do instituto cun enfoque fresco, contextualizado e conducido por unha comunicadora nova con gran conexión co público adolescente.

Camiño ao podio de Miramemira, S.L. Serie documental que une deporte de alta competición e adolescencia. A través de cinco episodios segue as historias de 10 mozos e mozas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) mentres perseguen o seu soño de converterse en atletas profesionais.

Sexo con senso T2 de Xosé Antón Moure Ferreiro. Un formato audiovisual innovador sobre educación afectivo-sexual, abordado con rigor e proximidade. Trátanse temas clave para a saúde emocional, igualdade, afectos e relacións nun contexto onde estas cuestións comezan a recibir a atención que merecen.

Categoría: Infantil

Orzamento máximo: ata 26.000 € por proxecto

Elowa, un camiño para sentir de Aqueladas S. Coop. Galega. Serie de animación creada por e para persoas autistas, pensada para axudar á identificación e comprensión das emocións a través dunha historia fantástica e respectuosa coa diversidade.

Nutritives de Henfunk Studio S.L. Serie de animación na que alimentos, órganos e partes do corpo teñen vida propia e resollen misterios relacionados coa saúde, a nutrición e o corpo humano. Un enfoque educativo e divertido.

Son soniños de H501- Laura Pazienza Signo. Contacontos para escoitar e imaxinar pero cunha base visual sólida coa que definir o ton e imprimir unha identidade próxima e recoñecible. Unha mestura a medio camiño entre a animación convencional e o conto infantil na que a Curuxa

Maruxa se converte na gardiá das historias que soñan os nenos e nenas.

Categoría: Ficción

Orzamento máximo: ata 35.000 € por proxecto

Morgana en Esmelle de Aqueladas S. Coop. Galega. Adaptación audiovisual da obra homónima de Begoña Caamaño. Morgana viaxa á terra de Miranda para reencontrarse con Merlín e afrontar o pasado que marcou a caída de Avalon e Camelot.

Picariños T2 de Coven Films. Nova temporada de Picariños, na que un grupo distinto de rapaces descobre un mapa misterioso durante un campamento de verán. Un segredo relacionado co director da escola desencadea unha aventura marcada polo humor, a amizade e a mirada á infancia.

Hai que ir morrendo de Aqueladas S. Coop. Galega. Unha ficción cómica na que escritoras e escritores galegos aparecen asasinados en circunstancias vinculadas ás súas novelas negras. A podcaster Sabela investiga unha trama que conecta cun inquietante segredo: a Real Academia Galega require figuras falecidas para o Día das Letras Galegas... e quizais alguén decidiu "axudar".